

A Asociación de escritores e escritoras en Lingua Galega súmanse ao movemento 'Cultura por Afganistán'

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) trasladou a súa adhesión ao movemento 'Cultura por Afganistán' e animou todas as persoas e colectivos do campo cultural e social a que se unan a este movemento.



Redacción | Martes, 31 de Agosto de 2021, 13:43

Desde o colectivo animan a outras persoas e entidades a que se somen a este movemento.

A iniciativa promove "a defensa dos dereitos e as liberdades e o acceso universal á cultura e a educación como ferramenta imprescindible para o desenvolvemento persoal e profesional de calquera individuo".



Nenos afgáns coa bandeira tricolor do país / Foto: EP

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) trasladou a súa adhesión ao movemento 'Cultura por Afganistán' e animou todas as persoas e colectivos do campo cultural e social a que se unan a este movemento.

Este colectivo xurdiu para facer un chamamento aos gobernantes para a defensa dos dereitos humanos e para a promoción da cultura afgá no noso país. En concreto, responde, explica a AELG, á chegada ao poder dos talibán en Afganistán "e as graves consecuencias que está a ter para a sociedade civil".

Por iso, diferentes entidades e personalidades do mundo da cultura impulsaron esta iniciativa, **"movidás pola defensa dos dereitos e as liberdades e o acceso universal á cultura e a educación como ferramenta imprescindible para o desenvolvemento persoal e profesional de calquera individuo"**.

A AELG lembra que este movemento ten tamén por obxectivo impulsar unha serie de accións para axudar na saída, a acollida e o recoñecemento de refuxiadas políticas ás artistas e intelectuais afgás, en especial mulleres e membros doutros colectivos en situación de vulnerabilidade.